



### **RESOLUCIÓN DESTA XEFATURA POLA QUE SE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE SOLÉNIDOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO ÁS CONFRARIAS DE PESCADORES DE CAMARIÑAS E MUXÍA DURANTE O MES DE AGOSTO**

---

#### ANTECEDENTES

- 1 O 24.07.2017 ás 11:23 h, a confraría de pescadores de Camariñas, representante deste plan conxunto, solicita autorización para a extracción de navalla (*Ensis arcuatus*) e longueirón (*Ensis siliqua*) con mergullo en apnea ou semiautónomo durante o mes de agosto.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 Tense en conta a seguinte normativa:
  - O Decreto 237/02 do 11 de xullo que modifica o Decreto 423/1993 do 17 de decembro polo que se refunde a normativa vixente en materia marisqueira, extracción de algas e cultivos mariños.
  - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia
  - A Orde do 22 de decembro de 2016 (DOG N° 249, do 30 de decembro de 2016), pola que se aproban os plans de xestión de recursos específicos en Galicia para o ano 2017.
  - O Plan de seguridade para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo vinculado a este plan de explotación e autorizado pola Capitanía marítima da Coruña con data 19.04.2017 e a súa modificación de 01.06.2017.
- 2 Recíbense os seguintes informes:
  - Informe da bióloga de zona 28.07.2017
  - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 27.07.2017

Esta xefatura territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 4.3 do Decreto 423/1993 do 17 de decembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Autorizar a extracción de solénidos con técnicas de mergullo ás confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía segundo se recolle a continuación:

**Datas:** 1,2,3,4,7,8,9,10,11,14,16,17,18,21,22,23,24,25,28,29,30 e 31 de agosto.

#### **Zonas para mergullo en apnea:**

- Zona B: Praia Borreiros (CM-034)
- Zona C: praia da Cruz (CM-037)

#### **Zonas para mergullo en apnea e semiautónomo:**

- Zona A: libre marisqueo entre punta Sandía e desembocadura de Río Lago (CM-033)
  - Praia de Lago
  - Praia de Barreira
  - Infralitoral entre Barreira e punta Sandía





Na zona A autorízase tamén o mergullo semiautónomo nas zonas cuxa profundidade sexa superior a 5 m., no caso de que a profundidade sexa inferior a 5 m. traballarán unicamente en apnea. Xúntase a esta resolución o mapa da zona A (CM-033), delimitada por estas coordenadas:

43° 7.80N 09° 10.29W	43° 7.01N 09° 09.97W
43° 7.79N 09° 10.18W	43° 6.80N 09° 10.12W
43° 7.67N 09° 10.10W	43° 6.71N 09° 10.06W
43° 7.59N 09° 10.10W	43° 6.52N 09° 10.10W
43° 7.52N 09° 10.07W	43° 6.34N 09° 10.15W
43° 7.31N 09° 10.10W	43° 6.32N 09° 10.23W
43° 7.20N 09° 09.97W	43° 6.36N 09° 10.33W

- Zona B:
  - Praia de Area Maior (CM-036)
  - Praia Loureiro (CM-035)
- Zona D: por fora da praia de Mozogondón (CM-038)
- Zona E: centro da ría que se estende ata a zona fronte a praia de Barreira e desembocadura do río Grande de Ponte do Porto (CM-146)

**Puntos de control para mergullo en apnea:** lonxas de Camariñas e Muxía.

**Puntos de control para mergullo semiautónomo:** nos propios bancos

EMBARCACIÓN		RESPONSABLES NA 1ª QUINCENA	
SIRENA DEL MAR	CO-4-1722	JESÚS JAVIER PÉREZ DOMÍNGUEZ	47368640W
		FRANCISCO JAVIER LOBELOS SUÁREZ	46902944X
		JUAN JESÚS SANTOS LOBELOS	76367136Y
MIRIAM (SUBSTITUTA)	CO-4-1960	ROBERTO JULIO MAHIA PEDRE	32802030M
		ERNESTO RIVERA PICHEL	79326352L
EMBARCACIÓN		RESPONSABLES NA 2ª QUINCENA	
MIRIAM	CO-4-1960	ROBERTO JULIO MAHIA PEDRE	32802030M
		ERNESTO RIVERA PICHEL	79326352L
SIRENA DEL MAR (SUBSTITUTA)	CO-4-1722	JESÚS JAVIER PÉREZ DOMÍNGUEZ	47368640W
		FRANCISCO JAVIER LOBELOS SUÁREZ	46902944X
		JUAN JESÚS SANTOS LOBELOS	76367136Y

**Puntos de venda:** lonxas de Camariñas e Muxía e outras lonxas autorizadas.

**Topes de captura:** 25 kg/mergullador enrolado e a bordo/día.

**Artes:** mergullo en apnea ou semiautónomo.

**Horario para mergullo en apnea:** 08:00 a 14:00 h.

**Horario para mergullo semiautónomo:** 11:00 a 14:00 h.

**Participantes e xefes de equipo:** relaciónanse nos anexos que se xuntan a esta resolución.

**Condicións para formar os equipos que traballen con mergullo semiautónomo:**

- As embarcacións incluídas nestes anexos poderán operar individualmente ou formando grupos.





- En cada operación o equipo de mergullo estará formado por tres persoas como mínimo: un xefe de equipo, un mergullador e un mergullador de socorro. Os membros do equipo poderán pertencer a calquera das embarcacións autorizadas. Os cometidos da actividade de mergullo poden ser alternados entre os integrantes do equipo. O que actúe como xefe de equipo permanecerá a bordo controlando o subministro de aire e supervisando a operación de mergullo. No caso de existir mais dun compresor, haberá un xefe de equipo por cada un.
- Para completar un equipo de mergullo, admítese o abarloe de dúas embarcacións, como máximo, amarradas en condicións de seguridade. Tanto no caso dunha única embarcación, como no de dúas embarcacións abarloadas, sempre permanecerá a bordo un patrón ou tripulante con atribucións para elo, que teña capacidade para realizar comunicacións de auxilio ou de seguridade na actividade.
- A profundidade máxima son 12 metros.

### Condicións para formar os equipos que traballen con mergullo en apnea:

- As embarcacións autorizadas a traballar con mergullo en apnea poderán operar individualmente ou formando grupos, neste caso, os agrupamentos non superarán as cinco embarcacións e deberán estar próximas.
- En cada operación, o equipo de mergullo estará composto polo menos por dous persoas na auga, cuxa posición estará localizada por unha boia vermella ou amarela. No caso de agrupamento, os membros deste equipo poderá pertencer a calquera das embarcacións autorizadas.
- En toda operación subacuática permanecerá sempre a bordo da embarcación un patrón ou tripulante con atribucións para selo, que teña capacidade para realizar comunicacións de auxilio ou de seguridade da actividade. No caso de que a operación subacuática se faga co agrupamento de varias embarcacións, permítese que permaneza un patrón/tripulante nun so dos barcos do grupo.
- A profundidade máxima son 10 metros.
- Poderán prescindir do patrón/tripulante a bordo da embarcación mentres realicen la actividade se **traballan a profundidade inferior a 5 metros** e cumpren ademais as seguintes condicións:
  - Que se trate de operacións subacuáticas próximas a praias ou costa accesible e non faenan outras embarcacións na zona.
  - Os mergulladores terán que manter unha distancia inferior a 25 metros da embarcación.
  - A embarcación deberá exhibir a bandera “ALFA” fixa desplegada de alomenos 45 cm x 35 cm.

Os equipos de traballo comunicaranse aos enderezos electrónicos da base de Muxía e Portosín, así como do xefe de base, antes do primeiro día de traballo do mes en curso e sempre que haxa cambios nos mesmos ([gardacostas.muxia@xunta.gal](mailto:gardacostas.muxia@xunta.gal), [portosin.gardacostas@xunta.gal](mailto:portosin.gardacostas@xunta.gal) e [javier.pineiro.pouso@xunta.gal](mailto:javier.pineiro.pouso@xunta.gal)).

### Condicións adicionais:

- 1 Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos, deberán ser remitidos regularmente á Sección de coordinación técnica ([seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal](mailto:seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal)), de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior, **utilizando a folia de control que se xunta a esta resolución**. O incumprimento desta obriga poderá supoñer a exclusión da resolución de apertura.





- 2 Cando se pretenda empregar as dúas técnicas de mergullo autorizadas (apnea e semiautónomo) deberá detallarse na solicitude de apertura mensual da actividade o colectivo que empregará cada unha das técnicas, as zonas, as épocas ou calquera condición que poda determinar o uso dunha ou outra técnica (epígrafe 3.2e da Circular MA-02-2015).
- 3 Cando se empregue o mergullo semiautónomo a confraría deberá comunicar con carácter diario e antes das 09:30 h, por cada equipo de traballo e zona, o listado de participantes así como a embarcación e os responsables do control.
- 4 A extracción con mergullo semiautónomo quedará supeditada ao correcto funcionamento dos puntos de control nas zonas de extracción.
- 5 O control será realizado no propio banco, polos integrantes do plan, debendo comunicar, xunto coa solicitude de apertura mensual, a embarcación e tripulantes responsables do control. Este control deberá estar formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo. En cada precinto constará o nome da embarcación, mergullador, zona de extracción e peso das capturas.
- 6 A confraría de Camariñas encargárase de elaborar o plan de control mensual.
- 7 No caso de incumprir estas condicións, prohibirase o mergullo semiautónomo, e de non recibirse o listado antes das 09:30 h anularase o día de extracción.  
Polo tanto, o incumprimento das condicións de control e seguridade establecidas nesta resolución de apertura poderán ser motivo para limitar o uso do mergullo semiautónomo, limitando a extracción á modalidade de mergullo en apnea.
- 8 Todos os participantes terán a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar neste plan de explotación, de non ser así, serán excluídos da relación anexa a esta resolución de apertura.
- 9 Durante as inmersións haberá en todo momento unha persoa, coa titulación para exercer de patrón, a bordo dunha das embarcacións do grupo de traballo. Esta persoa controlará tanto a actividade dos mergulladores como a seguridade das restantes embarcacións participantes.
- 10 O xefe de equipo, como responsable da intervención, e no seu defecto a empresa de mergullo interveniente ou entidade titular do plan de explotación, está obrigado a notificar á capitanía marítima correspondente e á Xefatura territorial da consellería do Mar calquera incidencia ou accidente que poida suceder durante a práctica da intervención hiperbárica, que se acompañará dun informe detallado se houberse danos persoais. O informe do accidente deberá cubrirse nos termos establecidos nas normas de seguridade para o exercicio de actividades subacuáticas.
- 11 Esta xefatura poderá autorizar a actividade extractiva en días festivos locais, previa solicitude da confraría representante, en casos extraordinarios e debidamente xustificadas, e sempre que teñan a lonxa aberta.
- 12 **Comercialización:** cómpre recordar o disposto no artigo 10.1 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, pola que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño:

*Art. 10.1. Efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino...*





*Así mesmo a Orde do 8 de febreiro de 2001, pola que se regula o control de descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, establece:*

*Artigo 6.- Documento de orixe: Cando se transporten o trasladen moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos dende a zona de produción ata a lonxa-lugar de concentración ou clasificación, se acompañarán dun documento de orixe que conteña os datos que se recollen no anexo III da Orde.*

*Artigo 7.- Documento de rexistro (Puntos 1 a 10 do artigo).*

As comunicacións sobre o control do esforzo pesqueiro e as comunicacións diarias dos equipos de traballo e responsables do control faranse ao correo da Sección de coordinación técnica desta consellería ([seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal](mailto:seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal)) indicando claramente o plan de explotación de que se trata no apartado “asunto” do correo electrónico.

As solicitudes de apertura e calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (cambios de zona de extracción, datas, etc.) enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle ás confrarías de pescadores de Camariñas e Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Coruña, 28 de xullo de 2017  
O xefe territorial  
Juan Carlos Barreiro González





**EMBARCACIONES E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA EXTRACCION DE NAVALLA E LONGUEIRON NAS CONFRARIAS DE CAMARIÑAS E MUXIA (ZONA VI) CON MERGULLO EN APNEA OU SEMIAUTÓNOMO EN AGOSTO DE 2017**

<b>PODEN EXERCER COMO XEFES DE EQUIPO OS MERGULLADORES SINLADOS EN NEGRÍA</b>				
<b>EMBARCACION</b>	<b>CUPOS</b>	<b>MERGULLADORES</b>	<b>DNI</b>	
<b>O VULCANO</b>	<b>CO-4-2-12</b>	<b>3</b>	<b>MANUEL A. PASANTES CARRIL BRAIS RODRÍGUEZ TRIÑANES MANUEL MOURE MARCOTE</b>	46898518T 47379179F 79310990K
<b>NAUTIL</b>	<b>CO-4-8-04</b>	<b>3</b>	<b>CARLOS VALIÑA AMEIJENDA CARLOS NOVEGIL VENTOSO JESÚS MANUEL CASTREJE CANOSA</b>	79326234Q 79336335C 47353630BM
<b>SIRENA DEL MAR</b>	<b>CO-4-1722</b>	<b>3</b>	<b>JESÚS JAVIER PÉREZ DOMÍNGUEZ FRANCISCO JAVIER LOBELOS SUÁREZ JUAN JESÚS SANTOS LOBELOS</b>	47368640W 46902944X 76367136Y
<b>MARIA LUISA</b>	<b>CO-4-1778</b>	<b>2</b>	<b>FELIX VILELA CARLIN VACANTE</b>	79327179H
<b>SANDRA</b>	<b>CO-4-1716</b>	<b>3</b>	<b>JESÚS M. LEMA CARRERA MARCOS RAMÓN PIÑEIRO SÁNCHEZ MARIO PENA SUÁREZ</b>	32788403V 46902538H 45872285G
<b>MARÍA DEL PILAR</b>	<b>CO-4-1961</b>	<b>2</b>	<b>JUAN CARLOS PASANTES CASTIÑEIRA VACANTE</b>	79321385C
<b>MIRIAM</b>	<b>CO-4-1960</b>	<b>2</b>	<b>ROBERTO JULIO MAHIA PEDRE ERNESTO RIVERA PICHEL</b>	32802030M 79326352L

**EMBARCACIONES E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA EXTRACCION DE NAVALLA E LONGUEIRON NAS CONFRARIAS DE CAMARIÑAS E MUXIA (ZONA VI) CON MERGULLO EN APNEA EN AGOSTO DE 2017**

<b>XEFE DE EQUIPO : VÍCTOR MANUEL HAZ SONEIRA</b>				
<b>EMBARCACION</b>	<b>CUPOS</b>	<b>MERGULLADORES</b>	<b>DNI</b>	
<b>ANA</b>	<b>CO-4-1803</b>	<b>2</b>	<b>ALEJANDRO HAZ SONEIRA VÍCTOR MANUEL HAZ SONEIRA</b>	76369453T 32808237W


A embarcación "Ana" só pode traballar con mergullo en apnea, xa que os seus mergulladores non están habilitados a traballar con mergullo semiautónomo.

**NOTA:** As embarcacións e mergulladores propostos neste plan e que non obren no presente anexo, teñen a documentación incompleta, polo que deberán tramitar a mesma a través da Confraría de Pescadores correspondente. Unha vez corrixidas as deficiencias, incorporaranse mediante modificación da Resolución de apertura.





# MAPA ZONA A (CM-033)



FOLLA DE CONTROL				PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE SOLÉNIDOS A MERGULLO DAS CONFRARÍA DE CAMARIÑAS E MUXÍA					
EMBARCACIÓN:				MES:			QUINCENA:		
DATA	Nº MERGULL.	KG EN CONTROL		TEMPO TRABALLO EN BANCO		ZONA DE TRABALLO (*)	PROFUNDIDADE (M)	MODALIDADE DE MERGULLO	
		NAVALLA	LONGUEIRÓN	HORA CHEGADA	HORA SAÍDA				
OBSERVACIÓNS:						FIRMA RESPONSABLE:			

(\*) **ZONAS DE TRABALLO:** **A** (praias de Lago, Barreira e infralitoral entre Barreira e punta Sandía), **B** (praias de Area Maior, Loureiro e Borreiros), **C** (praia da Cruz), **D** (por fóra da praia de Mozogondón), **E** (centro da ría que se estende ata a zona fronte a praia de Barreira e desembocadura do río Grande de Ponte de Porto).

